



DISTRIBUCIÓN DE MÁSCARAS AO ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O pasado venres día 12 de novembro saíu publicada no DOG a *Orde do 28 de outubro de 2021 pola que se regulan os criterios e os procedementos de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así como centros privados concertados no curso 2021/22.*

Segundo o exposto nesta orde, o alumnado destinatario será todo o alumnado matriculado nalgún dos niveis da Educación Primaria.

Non terá que presentar solicitude o alumnado beneficiario da axuda de material escolar no curso 2021-2022.

Terá que presentar solicitude o alumnado que non foi beneficiario da axuda de material escolar no curso 2021-2022 que cumpra algunha das seguintes condicións:

- Que pertenza a unha familia cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 € (exercicio fiscal 2019).
- Alumnado matriculado en educación especial.
- Alumnado suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- Alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

O prazo para a presentación de solicitudes será **desde o día 15 ata o día 26 de novembro de 2021**, ambos os dous incluídos.

A solicitude será única para todos os fillos/as, irá acompañada da documentación á que se fai referencia no Artigo 9 da mencionada con anterioridade orde e presentaranse **únicamente de forma presencial** na secretaría do centro utilizando o formulario normalizado (anexo I) en horario de 09:20 horas a 10:00 horas ou de 10:45 horas a 11:30 horas con cita previa.

Corresponderá ao centro docente tramitar as solicitudes e realizar os demais actos de xestión.

A Rúa, 15 de novembro de 2021

O Director